



Teaching Guide

Identifying Data					2024/25
Subject (*)	Practicum I		Code	652G04028	
Study programme	Grao en Logopedia				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Graduate	2nd four-month period	Third	Obligatory	9	
Language	SpanishGalician				
Teaching method	Face-to-face				
Prerequisites	Para matricularse no Practicum I é necesario ter superado 100 créditos				
Department	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en EducaciónFisioterapia, Medicina e Ciencias BiomédicasPedagogía e DidácticaPsicoloxía				
Coordinador	Gómez Sánchez, Tania Fátima	E-mail	tania.fatima.gomez.sanchez@udc.es		
Lecturers	Bueno Palomino, Ana María Fernandez Garcia, Rosa María Garcia Real, Teresa Juana Gómez Sánchez, Tania Fátima Gonzalez Fernandez, María angeles Lodeiro Fernández, Leire Pernas Cortiñas, María Lorena Redondo Diaz, M ^a Milagros Rodríguez Machado, Eduardo Rafael Vieiro Iglesias, Maria del Pilar Vilameá Pérez, Mónica Vilariño Vilariño, Maria Isabel	E-mail	ana.bueno@udc.es rosa.fernandez@udc.es teresa.greal@udc.es tania.fatima.gomez.sanchez@udc.es maria.angeles.gonzalez@udc.es leire.lodeiro@udc.es lorena.pernas@udc.es m.redondo@udc.es e.rodriguez.machado@udc.es pilar.vieiro@udc.es m.vilamea@udc.es isabel.vilarino@udc.es		
Web	https://www.educacion.udc.es/index.php?pagina=repositorio-practicum				



General description	<p>CORREO-E: vicedecanato.practicum.educacion@udc.gal</p> <p>REQUISITOS DE MATRÍCULA E CRÉDITOS</p> <p>Para matricularse no Practicum I é necesario ter superado 100 créditos.</p> <p>Consta de 9 créditos ECTS: 97 horas de carácter presencial e 128 horas de traballo autónomo.</p> <p>TEMPORALIZACIÓN:</p> <p>Presencialidade obrigatoria nas Aulas clínicas da Facultade</p> <p>Cada estudante acude nove semanas, cun total de 12 días de practicas clínicas e 8 días de seminarios. A asignación aos grupos de prácticas farase por orden alfabético. Total de horas presenciais 97, puidendo verse con maior detalle na sección de planificación e metodoloxías.</p> <p>DESCRICIÓN:</p> <p>No curso 2009/10 iniciabamos o proceso de implantación dos plans de estudio acorde cos requirimentos do novo Espacio Europeo de Educación Superior, posto en marcha no 1999 coa Declaración de Bolonia e que destacaba a importancia de reforzar a investigación-innovación-educación para o que se propoñía como un fin básico mellorar a formación nos contextos das diferentes prácticas profesionais que a nosa lexislación recolle do seguinte xeito: "Os títulos de Grao teñen como finalidade a obtención por parte do alumnado dunha formación xeral, nunha ou varias disciplinas, orientada á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional" (art.9.1), de tal maneira que contempla a posibilidade de establecer prácticas externas que virían a "reforzar o compromiso coa empregabilidade dos futuros graduados e graduadas, enriquecendo a formación?...proporcionando un coñecemento máis profundo acerca das competencias que necesitará" (Preámbulo) (RD 1393/2007, de 29 de outubro, de Ordenación das ensinanza universitarias oficiais).</p> <p>O propósito central da materia Practicum non será só poñer en relación a formación adquirida cos diferentes contextos profesionais propios da educación do século XXI, facilitando que o estudantado tome conciencia dos aspectos básicos das prácticas profesionais; senón tamén asignarlle un papel chave na formulación de problemas e cuestións importantes que se usen para poñer en funcionamento a investigación, situando a práctica profesional no centro da formación, como elemento a ter en conta para a organización do curriculum, onde a reflexión sobre a experiencia converta esa experiencia en fonte de aprendizaxe, incrementando a capacidade de aprender con autonomía, potenciando a aprendizaxe reflexiva para avanzar na construción do propio coñecemento, tomar decisións, innovar, buscar recursos e traballar en rede, competencias básicas para as novas titulacións de grao que responden ás esixencias da educación do século XXI.</p> <p>O marco conceptual ven dado polos obxectivos xerais para o Grao de Logopedia , fixados pola Orden Ministerial CIN/726/2009, que establece que as competencias propias da logopedia non poden ser desempeñadas por ningún outro profesional ou disciplina.</p>
----------------------------	--

Study programme competences / results	
Code	Study programme competences / results
A8	Coñecer os fundamentos do proceso de avaliación e diagnóstico.
A9	Coñecer e aplicar os modelos, técnicas e instrumentos de avaliación.



A10	Realizar a avaliación das alteracións da linguaxe nos trastornos específicos do desenvolvemento da linguaxe: trastorno específico da linguaxe, retrasos da linguaxe, trastornos fonéticos e fonolóxicos; os trastornos da comunicación e a linguaxe asociados a déficit auditivos e visuais, o déficit de atención, a deficiencia mental, o trastorno xeneralizado do desenvolvemento, os trastornos do espectro autista, a parálise cerebral infantil e as plurideficiencias; os trastornos específicos da linguaxe escrita; as discalculias; as alteracións no desenvolvemento da linguaxe por privación social e as asociadas a contextos multiculturais e plurilingüismo; os trastornos da fluidez da fala; as afasias e os trastornos asociados; as disartrias; as disfonías; as disglosias; as alteracións da linguaxe no avellentamento e os trastornos dexenerativos; as alteracións da linguaxe e a comunicación en enfermidades mentais; o mutismo e as inhibicións da linguaxe; as alteracións das funcións orais non verbais: deglución atípica, disfagia e alteracións tubáricas.
A11	Redactar un informe de avaliación logopédica.
A12	Realizar unha avaliación tras a intervención.
A13	Coñecer os principios xerais de la intervención logopédica.
A14	Coñecer as funcións da Intervención logopédica: prevención, educación, reeducación, rehabilitación e tratamento.
A15	Coñecer e aplicar os modelos e as técnicas de intervención.
A16	Coñecer as características diferenciais da intervención logopédica nos ámbitos familiar, escolar, clínico-sanitario e asistencial.
A17	Coñecer e realizar a intervención logopédica nos trastornos específicos do desenvolvemento da linguaxe: trastorno específico da linguaxe, retrasos da linguaxe, trastornos fonéticos e fonolóxicos; os trastornos da comunicación e a linguaxe asociados a déficit auditivos e visuais, o déficit de atención, a deficiencia mental, o trastorno xeneralizado do desenvolvemento, os trastornos do espectro autista, a parálise cerebral infantil e as plurideficiencias; os trastornos específicos da linguaxe escrita; as discalculias; as alteracións no desenvolvemento da linguaxe por privación social e as asociadas a contextos multiculturais e plurilingüismo; os trastornos da fluidez da fala; as afasias e os trastornos asociados; as disartrias; as disfonías; as disglosias; as alteracións da linguaxe no avellentamento e os trastornos dexenerativos; as alteracións da linguaxe e a comunicación en enfermidades mentais; o mutismo e as inhibicións da linguaxe; as alteracións das funcións orais non verbais: deglución atípica, disfagia e alteracións tubáricas.
A18	Coñecer e realizar a intervención logopédica en Atención Temprá.
A19	Coñecer e implementar os Sistemas de Comunicación Aumentativa.
A20	Coñecer e implementar as axudas técnicas á comunicación.
A22	Saber deseñar, programar e avaliar a actuación logopédica.
A25	Coñecer a organización de institucións educativas, sanitarias e sociais.
A26	Adquirir un coñecemento práctico para a avaliación logopédica.
A27	Realizar a planificación estratéxica da intervención logopédica.
A28	Adquirir un coñecemento práctico en intervención logopédica (formación práctica en ámbitos escolares, clínico-sanitarios e asistenciais).
A29	Adquirir a formación práctica para o traballo individual, grupal, cooperativo e de mediación con facilitador.
A30	Coñecer a actuación profesional e os contornos onde se desenvolve a práctica.
A31	Adquirir o desenvolvemento os recursos persoais para a intervención: habilidades sociais e comunicativas, habilidades profesionais, avaliación da propia actuación profesional, técnicas de observación, técnicas de dinamización ou toma de decisións.
A32	Utilizar tecnoloxías da información e da comunicación.
B1	Acceso, selección e xestión das fontes de información relevantes para a práctica profesional.
B2	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B3	Apreciar as distintas manifestacións da diversidade.
B6	Capacidade de adaptarse aos cambios.
B8	Capacidade de observar e de escoitar de forma activa.
B9	Capacidade de organizar e planificar.
B10	Capacidade para motivarse e procurar a calidade na actuación profesional.
B11	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B12	Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo.
B13	Coñecer e manexar as novas tecnoloxías da comunicación e da información.
B14	Destreza e empatía nas relacións interpersoais.
B15	Poñer en valor a súa profesión no contorno en que desenvolve o seu traballo.
B16	Resolver problemas de forma efectiva.
B17	Saber expresarse en público.
B21	Tomar decisións con autonomía e responsabilidade.



B23	Traballar de forma colaborativa.
B24	Traballar en equipo e, de ser o caso, de forma interdisciplinar.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences / results		
Adquirir un coñecemento práctico para a avaliación logopédica.	A8 A9 A10 A11 A12 A26	B1 B3 B8 B11	C1
Realizar a planificación estratéxica da intervención logopédica.	A13 A14 A15 A18 A27	B6 B9 B10 B14	C3 C6
Adquirir un coñecemento práctico en intervención logopédica	A17 A22 A29	B12 B15 B16	C4
Adquirir a formación práctica para o traballo individual, grupal, cooperativo e de mediación con facilitador.	A14 A16 A30	B6 B12 B15 B23 B24	
Coñecer a actuación profesional e as contornas onde se desenvolve a práctica.	A16 A18 A25 A28	B12 B21 B23	C5 C7
Adquirir ou desenvolver os recursos persoais para a intervención: habilidades sociais e comunicativas, habilidades profesionais, avaliación da propia actuación profesional, técnicas de observación, técnicas de dinamización ou toma de decisións.	A29 A31	B2 B15 B17 B23 B24	C4 C8
Utilizar tecnoloxías da información e da comunicación.	A19 A20 A32	B13	C3 C6

Contents



Topic	Sub-topic
O proceso de avaliación logopédica	<p>Explorar, observar, avaliar e emitir un xuízo diagnóstico:</p> <ul style="list-style-type: none">- Aplicación das técnicas de entrevista e recollida de datos aos usuarios, familias e/ou cuidadores. A historia clínica do paciente.- Aplicación das técnicas observacionais: tipos de rexistros observacionais e a súa aplicación; adaptación e creación de rexistros observacionais atendendo a tipoloxía dos usuarios.- Aplicación de probas estandarizadas: interpretación dos datos.- Elaboración de informes de exploración e diagnóstico clínico.
O proceso de tratamento logopédico: programación, implementación e avaliación.	<ul style="list-style-type: none">- Deseño e implementación de programas de tratamento logopédico: Formulación de obxectivos e etapas, elección de técnicas e recursos materiais mais adecuados, rexistro das sesións adicadas o programa de intervención.- A avaliación do proceso de intervención.- O deseño do plan de actuación coa familia do usuario: formulación e deseño de obxectivos, pautas de asesoramento e actividades para as familias co obxectivo de que apoiem o proceso de intervención.- O tratamento interdisciplinar: Recoñecemento dos límites das competencias profesionais do logopeda e identificación da necesidade dun tratamento interdisciplinar.- A elaboración de informes sobre tratamento, portadores de xuízos clínicos e liñas de mellora do proceso de intervención.
Recursos materiais empregados na intervención logopédica	<ul style="list-style-type: none">- O uso dos recursos e materiais na intervención logopédica.- A adaptación do uso do materiais: en función dos obxectivos do programa e das características cognitivas, motoras ou psicolóxicas dos usuarios.- A creación de materiais en función dos obxectivos do programa, en función das características cognitivas, motoras ou psicolóxicas dos usuarios.
Reflexión sobre o código deontolóxico da profesión	<ul style="list-style-type: none">- O tratamento dos datos persoais dos usuarios.- A confidencialidade ou secreto profesional.- A aplicación de criterios profesionais para o inicio ou finalización do tratamento e a derivación de usuarios.
Desenvolvemento dos recursos persoais para a intervención logopédica	<ul style="list-style-type: none">- As habilidades sociais e comunicativas para o establecemento das relacións interpersoais cos usuarios, as súas familias e con outros profesionais implicados no tratamento.- Avaliación da propia actuación profesional.- Capacidade de traballo en equipo: técnicas de observación, técnicas de dinamización ou de toma de decisións.



Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student?s personal work hours	Total hours
Clinical practice placement	A9 A10 A11 A12 A14 A15 A16 A17 A18 A19 A20 A22 A26 A27 A28 A29 A30 A31 B3 B6 B8 B9 B10 B11 B12 B14 B15 B16 B17 B21 B23 B24 C1 C4 C5	77	35	112
Seminar	B2 B9 B10 B11 B12 B15 B16 B23 C1 C5 C6 C7 C8	20	20	40
Case study	A9 A10 A11 A12 A15 A16 A17 A18 A19 A20 A22 A26 A27 A28 A29 B3 B6 B8 B9 B11 B12 B14 B16 B17 B21 B23 B24 C1	0	8	8
Supervised projects	A9 A10 A11 A12 A15 A17 A18 A19 A20 A22 A26 A27 A28 A29 A31 A32 B1 B2 B9 B11 B21 B23 C1 C3	0	20	20
Document analysis	A8 A13 A14 A25 A30 B1 B2 B9 B10 B15 C4 C5 C6 C7 C8	0	7	7
Workbook	A8 A13 A14 A25 A30 B1 B2 B9 B10 B15 C4 C5 C6 C7 C8	0	10	10
Student portfolio	A9 A10 A11 A12 A15 A17 A20 A22 A26 A27 A28 A29 A32 B2 B9 B13 C1 C3	0	20	20
Personalized attention		8	0	8

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description



Clinical practice placement	<p>Consistirán basicamente en:</p> <p>a) Sesións de observación nas que se aplicarán as técnicas observacionais, e levarase a cabo a adaptación e creación de rexistros observacionais dependendo da patoloxía.</p> <p>b) Sesións de orientación práctica e supervisada: deseño e implementación de programas de tratamento logopédico, para o que deberán formularse os obxectivos, elixir as técnicas e recursos materiais, rexistro das sesións adicadas o programa de tratamento, avaliación do proceso de intervención, plan de actuación coa familia, elaboración de informes sobre tratamento, realización de xuízos clínicos e liñas de mellora do proceso de intervención.</p> <p>Todos os estudantes realizarán 35 horas de asistencia nas aulas clínicas da facultade e 42 horas de asistencia rotatoria a centros externos. Se por calquera circunstancia tivera que limitarse o rotatorio por razóns alleas a facultade a comisión de titulación resolverá individualmente cada caso.</p>
Seminar	<p>Levaráanse a cabo 2 seminarios:</p> <p>1. Seminario A sobre metodoloxía de avaliación e intervención (15 horas de duración) no que se exporá a metodoloxía de avaliación e intervención. Esta recollerá un proceso completo con anamnese, avaliación, informe, elaboración de programa de intervención e deseño de tarefas.</p> <p>2. Seminario B. Este consistirá en aplicar a metodoloxía aprendida a un caso real retransmitido a través dunha gravación. Os alumnos e as alumnas deberán realizar un informe e un programa de intervención para o mesmo.</p>
Case study	Nos seminarios presentaranse varios estudos de caso nos que se plantearán situacións reais da práctica profesional, e os estudantes deben analizar aspectos relacionados coa avaliación e tratamento para chegar a unha decisión razoada acerca do proceso de intervención.
Supervised projects	Baixo a tutela do persoal logopeda encargado das prácticas os estudantes irán elaborando as adaptacións de material, os obxectivos da intervención e os informes de avaliación que se incluírán no portafolios.
Document analysis	Deberá realizarse búsquedas bibliográficas relevantes para a temática tratada tanto nos seminarios como nas actividades prácticas.
Workbook	Os estudantes revisarán algúns textos e documentación escrita que lles permitirá profundizar nalgúns das patoloxías abordadas nas prácticas.
Student portfolio	<p>É unha carpeta ou arquivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno tanto nos seminarios como nas prácticas clínicas.</p> <p>En canto ao formato:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Imprescindible índice, numeración de páxinas e bibliografía (normas APA). - Marxes de 2,5 cm laterais e 3 cm superior e inferior. - Interliñado 1,5; texto xustificad; letra Time New Roman 12. - O número de follas do portafolio será entre 50 e 80 páxinas, mais o anexo.

Personalized attention

Methodologies	Description
Student portfolio Seminar Document analysis Supervised projects	<p>O persoal logopeda encargado das prácticas irán guiando a cada alumno/a en cada un dos traballos solicitados durante a realización das prácticas.</p> <p>O/a titor/a da Facultade realizará o seguimento do traballo do alumno en coordinación cos/as logopedas encargados/as dos seminarios e das prácticas clínicas.</p> <p>Recoméndase a realización de tres titorías para orientar a elaboración do portafolio: inicial, de seguimento e final.</p>

Assessment



Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
Student portfolio	A9 A10 A11 A12 A15 A17 A20 A22 A26 A27 A28 A29 A32 B2 B9 B13 C1 C3	<p>A avaliar polo profesorado titor da Facultade: O portafolio terá un peso do 40% na cualificación final:</p> <p>-Deberase incluír un historia clínica de cada paciente e un breve informe que faga referencia aos datos da avaliación e do tratamento realizado, así como unha valoración persoal</p> <p>Poderá recollerse en anexos a información traballada nos seminarios e no caso das visitas aos centros que se poidan realizar dentro do rotatorio, poderán incluírse referencias á organización dos servizos, profesionais implicados, tipo de usuario que se atende, servizos que se ofrecen, canalización do caso dentro do servizo.</p> <p>A asistencia e participación do alumnado na titoría inicial, de seguemento e final terá un peso do 10% na calificación final.</p>	40
Clinical practice placement	A9 A10 A11 A12 A14 A15 A16 A17 A18 A19 A20 A22 A26 A27 A28 A29 A30 A31 B3 B6 B8 B9 B10 B11 B12 B14 B15 B16 B17 B21 B23 B24 C1 C4 C5	<p>A avaliar polas logopedas responsables das aulas clínicas.</p> <p>Farase unha valoración das capacidades profesionais de cada alumno/a, na que se terá en conta a capacidade de traballo en equipo, de resolver problemas, de aplicar coñecementos, para adaptarse o paciente, e a capacidade de comunicación co paciente e coa familia.</p> <p>Avaliarase tamén a participación activa nas actividades plantexadas e a actitude do alumno/a</p> <p>Esta avaliación farase a través das calificacións obtidas nos seminarios A e B e a preparación e execución das sesións clínicas.</p>	60

Assessment comments



Para aprobar a materia será necesario superar cada un dos elementos da avaliación (portafolios e prácticas clínicas).

O alumnado que suspenda as prácticas clínicas non superará a materia nese curso académico.

Para a segunda oportunidade de avaliación (xullo), consideraranse válidas as cualificacións das actividades que fosen superadas na primeira oportunidade.

A cualificación final será a media ponderada das puntuacións obtidas en cada unha das epígrafes. No caso de non superar a materia, a cualificación será acorrespondente á parte non superada.

Se só se aproba a estadía no centro de prácticas ou a saída de campo, a nota conservarase unicamente no curso académico en que se realizasen.

No seguinte curso, o/a alumno/a terá que matricularse novamente e facer a estadía ou a saída de campo.

AULAS CLÍNICAS

Teranse en conta dúas opcións de avaliación en función da asistencia ou non ás clases interactivas:

Opción A . Alumnado que asiste os seminarios e as sesións clínicas(> 80% de asistencia) Será necesario ter acreditada unha asistencia de polomenos o 80%. A cualificación do alumnado asistente engloba os seguintes apartados: Seminario A, Seminario B e sesións clínicas. Para superara asignatura a nota ha de ser 5, valorándose todos os apartados.

Opción B: Alumnado que NON asiste ou ten unha asistencia ás sesións clínicas (< 80% de asistencia) - Non poderá superar o practicum I

Opción C: O alumnado que, tendo recoñecida a DISPENSA ACADÉMICA (solicitud previa na Administración do centro)- tal como se establece na "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e a progresión dos estudantes de grao e mestrado universitario na Universidade da Coruña" (aprobada en Consello de Goberno de 28 dexuño de 2016)-, terá que asistir a unha titoría na que concretar a porcentaxe de asistencia mínima e as metodoloxías de avaliación.

ESPECIFICACIÓNS: Segundo establécenas "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario" (aprobada o 19/12/2013 e modificada o 30/04/2014) no Art. 21.2: Considerarase como ?Non presentado? (NP) a aquel estudante que, estando matriculado na materia, non conoçorra ás distintas actividades de avaliación que se establecen para o curso académico. Así, será cualificado como ?Non presentado? cando: a) Non complete o proceso de avaliación continua, nas condicións que figure na guía docentes, ou b) Non se presente á proba do período oficial de Avaliación.

A realización fraudulenta das probas ou actividades de Avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación desuspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico,tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta deprimeira oportunidade, se fose necesario".

Sources of information

<p>Basic</p>	<p>Acosta, V. y Moreno, A.M. (1999). Dificultades del lenguaje en ambientes educativos. Barcelona: Masson. Aguado, G. (1999). Trastorno específico del lenguaje: retraso del lenguaje y disfasia. Málaga: Aljibe. Borrás, S. y Rosell, V. (2005). Guía para la reeducación de la deglución atípica y trastornos asociados. Valencia: Nau Llibres. Bosch, L. (2004). Evaluación fonológica del habla infantil. Barcelona: Masson. Brancal, M.F. (2000). Logopedia creativa en personas con Síndrome de Down. Barcelona: Lebón. Dumont, A. (1999). El logopeda y el niño sordo. Barcelona: Masson. Gallardo, J.R. y Gallego, J.L. (1993). Manual de logopedia escolar. Granada: Aljibe. Gallego, J.L. (2005). Enciclopedia temática de logopedia. Archidona: Aljibe. Garrido, J. (2007). Programación de actividades para educación especial. Madrid: Cepe. Le Huche, F. (2004). La voz. Barcelona: Masson. Monfort, M. y Juárez, A. (1999). El niño que habla. Madrid: Cepe. Moreno, J.M. (2009). Disfonías infantiles: talleres para la prevención. Madrid: EOS Gabinete de orientación psicológica. Nicolás, J. (2003). Alteraciones del habla en la infancia: aspectos clínicos. Buenos Aires: Panamericana. Peña Casanova, J. (1988). Manual de logopedia. Barcelona: Masson. Peralta, M.E. (2002). Reeducación de la deglución atípica funcional en niños con respiración oral. Barcelona: Isep Textos. Perelló, J. (1980). Alteraciones de la voz. Barcelona: Editorial Científico Médica. Puyuelo, M. (2000). Evaluación del lenguaje. Barcelona: Masson. Puyuelo, M. y Arriba, J.A. (2000). La parálisis cerebral infantil: aspectos comunicativos y psicopedagógicos, orientaciones al profesorado y a la familia. Archidona: Aljibe. Puyuelo, M. (2001). Casos Clínicos de logopedia 2. Barcelona: Masson Rosell, V. (1993). Programa de estimulación del Lenguaje oral en educación infantil. Granada: Aljibe. Tulon, C. (2000). La voz: técnica vocal para la rehabilitación de la voz en las disfonías funcionales. Barcelona: Paidotribo. Zambrana, N., González, T. y Dalva, L. (1998). Logopedia y ortopedia maxilar en la rehabilitación orofacial. Barcelona: Masson.</p>
---------------------	--



Complementary	
---------------	--

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Other comments

Co fin de favorecer o axuste á planificación e temporalización da materia, aquel alumnado que teña previsto solicitar a ampliación da matrícula e incluír o practicum na mesma é necesario que o notifique un mes antes do inicio das prácticas. Deberá remitir un email a vicedecanato.practicum.educacion@udc.gal, aínda que nese momento non cumpla os requisitos, co fin de facilitarlle as indicacións oportunas. 1. A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia: 1.1. Realizarase a través da aplicación, en formato dixital sen necesidade de imprimilos. 1.2. De realizarse en papel, seguindo as indicacións do profesorado tutor de facultade: - Non se empregarán plásticos. - Realizaranse impresións a dobre cara. - Empregarase papel reciclado. - Evitarase a impresión de borradores. 2. Débese facer un uso sustentable dos recursos e evitar impactos negativos sobre o medio natural. 3. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais. 4. Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos os sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas?). 5. Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. 6. No caso de detectar situacións de discriminación por razón de xénero proporanse accións e medidas para corrixilas. 7. Facilitarase a plena integración do alumnado que, por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.